


N.º 124

Tomo 11

nóis



CATILLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 .

Número solto 0'70 .

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser das que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

LEMBRANZA DE XURXO LOURENZO, pol-a REDACCIÓN.

XURXO LOURENZO FERNÁNDEZ, 1910-1934, por VICENTE RISCO.

XOGADOR DE «PORCA», DEXEÑO DE XURXO LOURENZO. †

NOTAS DO MEU DIARIO ARQUEOLÓXICO, por XURXO LOURENZO. †

MITTELEUROPA, por VICENTE RISCO.

ARQUIVO FILOLÓXICO I ETNOGRÁFICO DE GALIZA

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47.2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA
Ano XVI ★ Ourense Abril - Maio de 1934 ★ Núm. 124 - 125

LEMBRANZA DE XURXO LOURENZO



Mozo, xentil, intelixente, bón. Non podemos dicir: foi. Entre os galeguistas o verbo ser non se conxuga en tempos de pasado.

Si o fixeramos ¿seríamos dínos da nosa arelanza?. Pois arelamos domear á morte co-a soia forza do amor.

Iste NÓS —endexamáis o tidoo figura tan nádo do millor do curazón— contén estudos adicados á persoalidade e á obra de Xurxo Lourenzo. Tristeira tarefa se ela for ispirada por unha intenzón de moimento funerario. Outro sentimento a preside. A saudade de un puro i-ergueito vivir non comprido.

A beleza da mocidade pide ser tratada aínda na morte, con un senso de severo heroísmo resiñado. Coutando as bágoas, lembrando con seréa visión, somos fieis á leda mocidade de Xurxo i-á proieición da sua obra n'un futuro maxinado pol-o noso espírito irmán.

Querémolo estudante e galeguista, vibrando arelas xurdias á soma das torres de Sant-Yago, demandando á montana galega o segredo da yalma da Terra. Asina amado vivirá con nosco, dirá sen verbas seu consello silandeiro, nas nosas xuntanzas ha ser presenza, exemplo e aición.

Cada galeguista morto tai medrar o esforzo dos que ficamos na loita fermosa i-esgrevia de arestora e de total-as horas que Deus nos conceder. É lei de amor pra nós cumprir o legado dos nosos mortos i-o de Xurxo manda pureza, rexa vontade, confianza no fito. E moi particularmentes son compridores os mozos da sua xerazón.

Como unha lanzal arquitectura envolveita na néboa soio deixa aduviñar suas outas torres, asina a curta vida de Xurxo deixa á maxinación irmán a saudade de que poidera ser, madurecida.

A coba nova non pide a malenconia sen cura de alcipreste. Piadosas rosas galegas e froles campesias, campean millor. Son as axeitadas á mocidade inmorrente do irmán. Orballadas pol-a nosa lembranza se non mucharán endexamáis.



XURXO LOURENZO FERNÁNDEZ 1910 - 1934

A V I D A

Xurxo Lourenzo Fernández nasceu n'Ourense, o día 11 de Febreiro do ano de 1910, n-unha vella casa da rua da Paz, número 30, fronte por fronte da onde nasceu e aínda mora Ramón Otero Pedrayo. A casa, propia da familia do Xurxo, é grande, con catro pisos, d'antepeitos metidos os dous primeiros, que son algo escuros, balcón voado con ferros á antiga usanza no terceiro, e galería de cristais no cuarto, qu'era onde o Xurxo e o seu irmán traballaban, cheos de luz, e albiscando todal as torres, todal as chemineas e todol-os tellados d'Ourense. Sei de memoria a fachada aquela, tan século XIX, porqu'eu tamén nascín na casa fronteira.

O pai do Xurxo D. Xosé Lourenzo, era un engebre ourensán, home d'outo entendemento e de gran curazón. Tiña cartos e espírito independente e unha abundosa generosidade e cobiza de facer ben. Tiña autoridade polo seu saber, e foi un dos máis eficaces orientadores das sociedades obreiras d'Ourense. Era artista e publicaba belas caricaturas e deseños, co pseudónimo de Tabarra. Atopou na súa dona, unha señorita de Vigo con quen casou, unha boa colaboradora na educación dos seus fillos. Tiñan tamén unha antiga casa fidalga en Facós, no concello de Lobeira, e d'iste geito, o Xurxo e máis o seu irmán máis vello, Xaquín, pasaban dende nenos tempadas na aldea e tamén en Vigo, cos seus pais, de sorte qu'os difrentes aspectos da natureza galega foron abalando dende moi logo as súas almas.

O Xurxo foi un rapaz d'un adianto precoz, coma se viñera fadado pra grandes cousas. Tendo somentes tres ou catro anos, deprendeu il soilo a lér. Emprinciou ouservando os letreiros que atopaba na rua, fixábase n-iles, preguntáballe ao seu irmán o que dicían, deprendíao de memoria, e logo voltaba a ouservalos, e d'iste geito, en pouco tempo foi deprendendo, apricando o mesmo procedemento aos jornais e papeis, e asina, cando os pais acordaron, resultou que o neno sabía lér.

Igual disposición sacou pra o deseño. Aos catro anos fixo un retrato d'un seu tío. Entón, o seu pai emprinciou a lle dar algunhas leiciós, e por fin, aos seis ou sete anos, en 1917, «metéreno no dibuxo», e recibeu clases de D. Luis Fernández Pérez (Xesta), qu'ensinou os comenzos da arte a tantos ourensáns. E foi un dos seus millores discípulos.

Moi logo encomenzou tamén as súas leituras, guiadas e escollidas polo pai, que tiña unha biblioteca ben fornecida de libros bós. O pai era quen l'iba dando os libros aos dous irmáns, formándolles o gusto, dende pequenos, e evitando que lêran parvadas. Así que tiveron dende logo iste precioso auxilio. Os rapaces eran pau de obra, mais foron de cote ben guiados e coidados con sabencia polo amor inteligente dos seus pais.

No ano de 1920, tendo cumpridos os dez anos, ingresou o Xurxo no Instituto d'Ourense, pra n-il seguit-os seus estudos de Bacharel. Entón emprinciaron a abrochar as súas afeizós literarias. Alá il soilo, recadándose de todos, case sen que llo souperan, deu cabo a un libro de viages, estilo Julio Verne, por cúa lectura andaba d'aquela solagado. Ninguén, nen siquera o irmán, nen a nai, coñece semellante obra. Sópouse, tempo dispois, qu'a tiña

escrito, e nada máis. Tamén compuña versos, que d'igual xeito acochaba pra il soilo. Dos seus estudos no Instituto tirou unha nova afeizón, que lle durou algún tempo: deulle pola Geografía astronómica. Conservaba d'aquelo unha chea de notas qu'iba collendo nos libros e gardando celosamente. Mail-a súa curiosidade se non detivo n-aquelo, senón que logo lle veu outra ideia qu'o apaixonou do mesmo xeito: esta vez foi a Egiptología. Despoixas do misteiro do espazo, atentouno o misteiro do tempo. De tal maneira iba il descubrindo na vida, non o de todos, non o que pode acadar calquera, senón aqueles aspectos máis lonxanos e de máis recuada perspetiva. Nono chamaba o vulgar e corrente, senón o extraordinario. Certamente, estaba fadado pra o grande.

En col do antigo Egipto, estudou o Xurxo todo canto pudo atopar. Conservanse d'il, d'aquel tempo unha morea d'apuntes cheos d'intrés. Chegou a faguerse pra a súa usanza, unha longa lista de signos hieroglíficos, co seu valor fonético e significado, e un vocabulario de verbas egipcias. Esa esfinge d'Oriente, qu'a todos nos ha surtir ao camiño cand'encomezamos a vida do espírito...

Polos quince anos, tivo unha crise de agudo romantismo, moito máis eisaltado do que sole ser nos rapaces d'ise tempo. Lña d'aquela o *Rafael*, de Lamartine, afeizón que lle pasou despois. D'aquela deben datar moitos dos versos qu'ocultaba. Já tiña entón marcado o camiño do seu gusto literario. Non ll'apracian os clásicos; non atopaba n-iles chiste ningún. En troques devoraba unha e outra vez a Victor Hugo, Dumas, Alfred de Musset, e dos hespañois, a Larra. Istes eran os do seu mastigo, porque acaían co seu sentimento fondo, co-a súa conceición da vida, cuas liñas directoras estaban já riscadas pra sempre.

Un ano máis adiante, descubriu aínda algo novo: a mûseca. E isto d'un xeito vulgarísemo, e coma por xogo. En Vigo, un seu tío deprendeuno a total-a bandurria. Pouco e pouco foise intresando, e así foi deprendendo a guitarra, o laúde e mail-a mandolina. Mais non parou con tocar d'afeizón. Deprendeu a notación musical, e chegou a trascribir mûseca. Isto serviulle dispois pra recoller mûseca popular, pola que sinteu aixinha un gran intrés. Tamén cantaba moi ben. A súa persoalidade fbase acumulando cada día máis complexa e máis armónica.

No 1927 rematou o Instituto, e presentóuselle o probrema d'escoller carreira. Trunfou aquela vez o artista do deseño, e o Xurxo marchou pra Madride, prepararse pra ingresar na Escola d'Arquitectura. En Madride traballou en moitas cousas: dibuxou portadas pra varias novelas, fixo viñetas pra un extraordinario do Día de Galiza de *El Pueblo Gallego*, e outros traballos d'iste xeito, como o deseño publicado no número 74 de NÓS. Escribía tamén cousas que tiveron a mesma sorte das anteriores: acochounas quen sabe onde, pra que ninguén as vise. Poucos, por certo, teñen un tan vidroso pudor literario.

D'iste tempo data tamén a súa conversión de cheo ao galeguismo. Foron as cartas do seu irman Xaquín as qu'o trouxeron ao rego; mais tamén é qu'aquelas cartas chegaron na ocasión doada. Coma dí o peisano, «a sazón tén que vir do ceo».

O Xurxo, despois de moitas voltas, rematara já a viaxe «arredor de sí». Chegara ao punto mágico da órbita humán, ao *nodo ascendente* en qu'un cruza co-a verdade. Pra il chegou enantes que pra outros.

E o Xurxo foi un galeguista rexo, dereito e limpo com'unha espada. Catequizar, catequizouno o Xaquín, mais o Xurxo, mais sereo, anque tamén máis apaixonado qu'o irman, logo o superou na eisaltación galeguista, s'é que se pode superar n-isto a Xaquín Lourenzo. En verdade, o pensamento dos dous irmáns, igualmente intelixentes, igualmente cultivados, dirixidos co mesmo sabio afán polos seus pais, camiñou sempre de par.

O Xurxo non era políteco; sintía pol-a políteca certo íntimo, desapego, non atopaba n-ela intrés, polo menos com'actor. Polo tanto quixo servir a Galiza n-outra orde máis básica e menos sujeita a mudaciós. E foi coma emprincipiou a traballar no Foro de Lobeira. Era o tempo en que encomenzaba o Seminario de Estudos Galegos, e alí abríase unha porta ao seu esforzo intelectual.

Mais acontecía outra cousa: a carreira qu'escollera non ll'acomodaba ao Xurxo, non acaía co-as suas afeizós. O certo é qu'a carreira d'arquiteito na Hespaña, arripiante de matemáticas, compréndese que non chame pol-os verdadeiros artistas, coma non teñan unha vocación tan forte polas pedras qu'os anime a galgar por riba dos cálculos. O Xurxo deixouna.

Consultara algúns puntos do Foro de Lobeira co ilustre Prof. Agustín Millares, coñecéronse, Millares intresouse polo rapaz e iste á súa volta pola Paleografía. Foi o modo de qu'o Xurxo emprincipiara en 1930 a carreira de Filosofía e Letras, chegando a ser o millor discípulo de Millares. Na Universidade, fixo un esteso traballo en col do *Flumen Oblivionis* dos autores clásicos. Lêu co gallo d'isto, varios escritos de D. Benito F. Alonso (*El río Limia y sus contornos*, antre iles) e ademirou fundamente o tremendo esforzo d'autodidacto do ilustre investigador limián, que con tan escasos recursos metodolóxicos e bibliográficos, levou teimosamente a cabo unha obra d'imensa utilidade, apesares dos seus trabucamentos e lagoas. E a obra de Fernández Alonso animouno a reemprender o seu traballo sobre novas bases. Recolleu todas as lápidas da Limia, todol-os indicios referentes a aquela terra, debullou todol-os clásicos que falan de Galiza. D'alí había de sair un ingente traballo arqueolóxico e etnográfico en col do río Limia, pra o que tiña acugulado unha chea de materias.

Por iste tempo fixen eu a súa coñecencia, n'Ourense, vindo il de feiras. Era un rapaz oúto e longo, de soave lanzalía, de perfil agudo, d'ollos sabidentes e curiosos, de pel escura, de cabelo rizo, ben fardado e coidado na súa persoa, c'unha voz branda e sonora, boas maneiras, medidas e cortesés, moi sereo e dono de sí mesmo, repousado, c'unha ligeira ironía e un gran domiño das cousas, que sabía moito e qu'o preguntaba todo. Tiña gran istinto artísteco, gran capacidade sintética, deixábase levar, con certo superior escepticismo n'unha conversa en col de temas de filosofía, pronunciaba o latín asegún as normas máis modernas, e por riba d'isto todo, era tan bó, que había que quererlle.

Dende entón, sempre qu'estaba n'Ourense, precuraba a nosa compañía, e falaba dos seus inquéritos, dos seus achádegos e dos seus propósitos. Metido a feito na investigación histórica, e nas suas máis requintadas miudezas analíticas, non perdía a tendencia xeralizadora, non esquecía a visión de conxunto. Il íbase d'un geito natural á síntese, e ademais tiña ideas de seu en col da historia, na qual era un pouco determinista. Pra il, o movemento histórico achábase sometido a leis, que non serían se cadra as leis ademitidas correntemente pol-os historiadores e filósofos, máis que non deixaban de ser fixas, inflexíbeles, con toda a necesidade dos feitos naturais. No acumprimento d'estas leis, o albitrio humano ten pouca parte. Tampouco val nada a casualidade, o azar dos feitos singulares. É a historia, dicía —ou sexa, a corrente central do movemento humano— a que crea os acontecementos; non son os acontecementos os que fan a historia. Non semellaba dar a isto un senso físico-mecánico, senón vitalista e organicista, cecais idealista, no fondo.

As suas ideas tocantes a Galiza, coincidindo no esencial co-as de todos nós, tiñan tamén a súa especialidade. Dende logo, coma dixemos, dáballes toda a importancia á creación interior, á restauración integral da y-alma colectiva, namentras se desintresaba de moitas exterioridades, coma por eixemplo, a política. A política podía non tragner a renascencia íntegra de Galiza, que era o importante. A política somentes valía coma meio, endejamais coma fin.

A tradición galega ten que ser o guieiro, mais non pra resucitala estática n-un punto morto, senón pra desenvolve-la e continuála. Da tradición compre conservar o que nos sirva pra marchar pra diante, por eixemplo, o idioma. Por eixemplo, tamén a arte popular, que compre interpretar con senso moderno. En troques, os úteis antigos e outras cousas polo geito, non sirven máis que pra o Museo. En suma: sacar todo o que o espírito galego teña de vital, e modernizalo.

Consoante co-estas ideas eran as suas preferencias literarias: dos antigos estimaba

a Pondal por riba de Rosalía; dos modernos, prefería a Cabanillas, de quen sabía moitas cousas de memoria: *Meu carriño*, *Camión*, *camiño longo*, e especialmente o recitado que fai a figura simbólica da Raza n-*O Mariscal*; dos de hoxe, Bouza Brey e Carballo Calero. Sabía e recitaba todas as poesías do Bouza, con entusiasmo. Un pouco máis espaxado andaba o seu gusto fora de Galiza: Eça de Queiroz e Guerra Junqueiro. Dickens e Daudet, Stevenson, Dostoiewski e Gorki, Ibsen.

Tiña unha aguda percepción artística e un criterio inteiramente persoal pra julgar as obras. Coñecía a técnica moi ben, e ademais, diante d'unha obra d'arte sabía ver moitas cousas que logo interpretaba e espricaba. Antr'os galegos, admiraba primeiro de nada ao Castela. Gustaba tamén da arte nova, na qu'era especialmente entendido. Persoalmente, el tiña abandonado já o deseño artístico, pra utilizar a súa abelencia com'auxiliar dos seus traballos científicos. O deseño artístico non lle fora ocioso, coma tampouco llo fora o tocal-a bandurria: deixou un ficheiro de música popular de Lobeira, e deprende infundadas cántigas galegas, a música de moitas das quales ditou a Xesús Bal.

De que sinteu a chamada da Terra, o Xurxo matino en virse pr'acó, e en 1931 trasladouse pra Santiago, pra segull-a carreira na compañía do irmán. Alí, amos a dous traballaron arreo no Seminario de Estudos Galegos, e d'entón foi a súa grande actividade, e os mais dos seus traballos, publicados todos nos *Arquivos* do Seminario e mais en *AÓS*. Co-iles colleu o Xurxo nome e categoría d'investigador, igual no Seminario que na Universidade.

Aquilo ano visitou a soada eireja visigótica de Santa Comba de Bande, e alí, co seu irmán, practicou algúns traballos, coma foron os d'erguelas pedras do enlousado, e descubri-las bases das columnas. A base do qu'ouservou, fixo entón unha reconstrución hipotética do estado primitivo da eireja, que matina publicou. Mais ao pouco tempo, despois de ter coñecido Don Manuel Gomez Moreno o traballo do Xurxo, encomenzou o ilustre arquitecto Sr. Ferrán a restauración de Santa Comba, dando por certo coma resultado que as descubertas de Ferrán viñan a coincidir n-un todo coa reconstrución hipotética tentada por Xurxo Lourenzo.

No 1932, fixérono ademais Segretario d'Actas do Seminario, e non sementes prosigueu os traballos científicos, senón que levou toda a marcha d'aquilo centro, onde gozaba de moita autoridade. N-aquilo vran e nos dous seguintes, tomou parte con Cuevillas nas escavacións da citania de Troña. Entreviú tamén nas de Borneiro, da Universidade Compostelán. No 1933, con Afonso Vázquez, visitou os arquivos das Catedrías de Lugo, Ourense e Tui, onde lograron atopar moitos documentos inéditos. En realidade, veleiqui ond'estaba a súa especialidade; ademais do seu traballo encol do *Crímon*, e do que deixou inédito sobre do *Escatololo nos documentos galegos da outa Edade Meta*, tiña logrado, a base de documentos, unha reconstitución cumprida da vida de Galiza n-aquiles séculos, cousa verdadeiramente fermosa e sorprendente, oujeto d'un longo escrito que preparaba, e do que deu, com'anticipación unha intresantísima conferencia d'história viva e tan atrainte com'unha novela radiada pol-a Unión Radio Compostelán.

Nos vrans, traballaba en Lobeira. Traballaba e difundía o seu espírito na gente. Co-a nai e co irmán, pasaba tempadas alí, en Vigo e n-Ourense. Estudaba, cantaba cántigas galegas, bailaba a muiñeira con primor, e fixo qu'iste baile engebre se rehabilitara en Lobeira, onde já ninguén a bailaba solta. En Santiago e en Vigo guiaba aos rapaces mais novos, pois era Maior d'unha Dúcia d'Ultreya.

No ano 1932, fixo o cruceiro marítimo d'Ultreya, con Alvaro das Casas, Parga Pondal e Martínez Lopez, cruceiro cuilo diario arqueológico publicamos mais adiante. Aquilo cruceiro foi unha das cousas de mais espírito e de mais leda e alentadora mocidade que se levan feito en Galicia. O Xurxo non podía faltar.

E aínda fixo por entón a portada do libro *Autonomía* de Ramón Vilar Ponte, e mais cousas. Foron fecundos os anos de Compostela.

Mais por fin, ao comenza-lo curso de 1933-34, os irmáns Lourenzo, por causas que tiñan que ver co seu galeguismo, tiveron que deixar a Universidade de Santiago pra frenal a Zaragoza. Tamén alí traballou o Xurxo arreo. Siguiu os seus estudos, adiantou nos seus escritos, recolleu e deprende cantos aragoneses, esculcou co irman no folklore d'aquela terra, e aínda escribiu algo puramente literario, moi avanzado e moi moderno, do qual so-mentes puidemos obter notizas vagas...

De súpeto, un día enfermou. Tiña un furuncho calquera, d'ises que non lle dá un tino, presentóuselle unha enfeizón tremenda, levárono pra un sanatorio, e alí, o 3 de Abril de 1934, sen máis compañía qu'a do irman, rendeu a i alma. Riba da mesa ficaban os traba-llos sen rematar, nos qu'acugulara tanto esforzo e tanto saber. Aos cinco días, Xurxo Lourenzo repousaba eiquí n-Ourense, en San Francisco, onda seu pai, coberto co-a ban-deira da sua Patria Galega.

Vida breve; vida eixemprar, aproveitada ano por ano e hora por hora na cencia, na arte e no ben. Pouco viveu Xurxo Lourenzo, mais quen soupera vivir com'il viveu!

A O B R A

Imos reseñar eiquí, un por un, os traballos do Xurxo Lourenzo. Moitos d'iles saíron n-estas mesmas páxinas. Queremos dar d'iles unha idea de conxunto, pra que os nosos lectores se poidan decatar do longo alcance e do grandor da obra que se propuña o noso chorado amigo. Esporémolos sistematicamente.

TRABALLOS PUBLICADOS

1 *Un casamento na Lobeira.*

No boletín NÓS, número 58, de 15 Outono 1928, páxinas 186 a 188 do volume V, e baixo da rúbrica do *Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza*.

É un traballo etnográfico. Fai a descripción das cerimoniais e ritualidades tradizoás qu'acompañaban a un casamento á antiga usanza en Lobeira, enantes da derradeira década. Escrito n-un estilo solto, vivo e pintoresco, contén ouservaciós ben curiosas, com'as referentes, por eixemplo ás posiciós do corpo adoitadas pol-os peisanos: «... correntemente sentados ó estilo galego --o corpo ergueito e rixido e as mans abertas sobre os xionllos--...» etc. Vai ilustrado con dous deseños, rubrados co antigo pseudónimo do seu pai; un representa o xantar do casamento, no instante en qu'o Alcalde colle o ramo; o outro representa o gaiteiro vestido co traxe nacional galego, antre o tamborileiro e o do bombo.

2 *Blasós de Ourense. I. Escudos de armas existentes na Catedral.*

En *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, volume V, Santiago, 1930, páxinas 155 a 169.

Traballo feito en colaboración con Xohan Manuel Amor. Contén os deseños, descripción e interpretación heráldica de vinteseite escudos d'armas recollidos n-altares e sepulturas da Catedral d'Ourense.

3 *Foro de Lobeira.*

No mesmo volume dos *Arquivos* que o anterior traballo, páxinas 173 a 206. Con 4 figuras e VI láminas.

Describe un manuscrito atopado no arquivo municipal de Lobeira, consistente en tres cartas plomadas de Felipe III, Felipe IV e Carlos II, confirmando o Foro otorgado á vila de Lobeira por Afonso IX de León en 1228, do qual, así coma d'outras confirmaciós contén copia. Logo fai diversas e atinadas consideraciós encol da posíbele orixe da vila de Lobeira --aducindo unha leenda referente á Rainha Loba, as descubertas prehistóricas do monte das Motas, as denominaciós dos lugares da Vila e Quintas, a posición da parro-

quial, etc., pra suporlle orixe castrexa— e das causas do outorgamento do foro, —pra o qual trai a conto outra leenda que pon en relación co feito histórico do desterro d'Afonso IX a Portugal, en cuia viaxe, de ser a leenda certa, teríano acollido moi ben en Lobeira— e estuda o fondo do privilegio, pódoo en comparanza cos d'Allariz, Caldelas, Ribadavia e outros de dentro e fora de Galiza.

Ten, ademais, a importancia iste traballo de ter descuberto e revelado a eistencia d'un Foro galego do que non se tiña coñecimento.

4 *Blasós de Ourense.— II Escudos civís existentes nas rúas da cidade.*

En *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, volume IV, Santiago, 1932, páxinas 259 a 276.

Proseguimento da recolleita heráldica ourensán, cuia primeira parte deixamos reseñada.

5 *A cristiaización do Castro de Monterrei.*

NÓS, número 94, do 15 Outono 1931, páxinas 188-191 do volume 8.

No fondo de Celanova do Arquivo Histórico de Madrid, atopou Xurxo Lourenzo seis escrituras nas que se fala da cristiaización do Castro de Monterrei, no que semella que se practicaban ritos paganizantes deica a baixa Edade Meia. Aparez que Afonso IX en 1213, o Papa Honório III en 1222, Fernando III en 1223, Afonso X en 1225, e o Papa Clemente IV en 1266, prohiben edificar no Castro de Verín ou de Monterrei e mandan botar abaixo o que alí se tñia edificado, e que «ningún presbítero celebre en Castro que estea edificado». O Castro, coa metade da igrexa que novamente alí se mandou facer, foi concedido ao Mosteiro de Celanova por Afonso X en 1284, doación confirmada por Sancho IV en 1274 e Fernando IV en 1300.

Cal poidera ser o motivo d'aquelas disposicións reás e pontificias, trata d'o pór en craro Xurxo Lourenzo con eixemplos de supervivenzas pagáns, principalmente o costume de faceren n'iles o foliód, dos castros d'Olás (Merca-Celanova), Laxes das Chás (Verín), Carballado (Cotovade), e outros recollidos por Vergilio Correia no Alentejo. E cita as disposicións de varios Concilios, Capitulares dos reis francos, etc.

Traballo d'importancia pra a historia relixiosa de Galiza, no que se demostra ademais a necesidade d'acudir aos documentos antigos pra dexergar a orixe de costumes e prácticas actuais qu'entran no domiño do folklore e da sociología.

6 *O Protocolo dos documentos galegos da outa Edade Meia.*

Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, volume VI.

Traballo de diplomática pura, que entra de cheo na especialidade que Xurxo Lourenzo cultivaba de preferenza. Trata dos caracteres formularios dos documentos galegos do tempo mais escuro e menos coñecido da nosa historia. Precura n'il os caracteres diferenciáis que dan aos documentos galegos d'aquél tempo unha fisonomía especial ante os demais da Península. Polo tempo a que se refire, e cuio estudo foi da súa especial predilección, a súa importancia é verdadeiramente grande.

7 *O Crismon na escritura da Galicia.*

Logos, boletín católico mensual, Pontevedra, números 28-29, abril-maio 1933, páxinas 90-94 d'aquél ano.

Do mesmo carate qu'o traballo anterior, estuda n'il as formas qu'afeuta o Crismon ou Monograma de Cristo nos documentos galegos dos séculos X a XIII. Os caracteres que eiquí ostenta o Crismon, son de ser de tipo cursivo deica o século XII en que aparecen as formas máis caligráficas, e mais a falla do *alpha* e *omega* nótase nos Crismons arrianos, o qual fai raro que fallen eiquí, onde tivo pouca importancia aquela heregía. Xurxo Lourenzo, ouservando que s'aquelas letras fallan nos textos diplomáticos, aparecen en troques

nos epigráficos, esprica o feito por ruína dos escribas, que perpetuaron formas visigóticas.

8. *Tres estacións de arte rupestre da serra de Lobeira.*

NÓS, número 115, Día de Galiza de 1933, páxinas 124-132, do volume 10.

Traballo de Prehistoria, en colaboración con Luciano Fariña, en que s'estudan tres estacións de insculturas rupestres da serra galaico-portuguesa de Lobeira, rica en moimentos prehistóricos (antas do Monte das Motas, as que van dende Banqueses á vila do Crasto, as da Veiga de Santa Comba; os cinco Castros das beiras do río Avedela, etc.) Estas estacións son: a Pena Franqueira, onde hai sete grupos de gravuras consistentes en cruces arrodeadas ou non de círcos; a Pena das Sete Cruces, con cruces, un circo e un reitángulo, e a Penafiel, con figuras semellantes. Profusamente ilustrado con deseños e fotografías, o traballo, ademais da descripcón das estacións, recolle folklore referente a elas, e traí despois diversos paralelos, ordeados asegón os diversos tipos en que clasifica as gravuras do Leboreiro.

A técnica d'iste traballo é iniciada por F. L. Cuevillas e seguida por todol-os investigadores formados na súa escola no Seminario de Estudos Galegos. Xurxo Lourenzo asimilouna e soupo apricala con mestranza.

9. *Catálogo dos Castros Galegos.—Terra de Lobeira.*

NÓS, números 116, págs. 174-182; 117, págs. 189-200; 118, págs. 211-224, volume 10, ano de 1933.

Forma un dos fascículos do Catálogo de Castros do Seminario de Estudos Galegos, sendo o número 5 dos publicados. Está feito en colaboración con F. L. Cuevillas, e baixo a dirección d'iste, contendo os mesmos particulares que os fascículos anteriores. Ora, n'iste nótese riba d'aquiles un notabre progreso, primeiramente na documentación gráfica, en especial no procedemento e na execución dos planos dos castros, debidos todos íles á abelencia de dibuxante do Xurxo, e aínda en moitos particulares d'información, debidos á súa fonda coñecencia da terra de Lobeira.

10. *Notas arqueolóxicas do cruceiro marítimo de Ultreya*, que publicamos n'iste mesmo número.

Aínda temos que recoller algunhas notas breves, publicadas no *Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza: O Xogo de S. Julián* (n.º 100, abril 1932, p. 7 do vol. 9) e mais na *Miscelánea: Contra la pestilencia* (n.º 108, decembre 1932, p. 227 vol. 9) e *A data da consagración da igrexa de Lugo* (n.º 109, xaneiro 1933, p. 11 vol. 10).

TRABALLOS INÉDITOS COMPRETOS

11. *Índice dos documentos do Mosteiro de Celanova no Arquivo Histórico Nacional.*

Tiña feito iste traballo en Madri, e consiste n-un índice detallado, case o que chamaban enantes regheta, d'intresantismos documentos pra a historia de Galiza. Mais ademais d'isto, collera já d'istes documentos toda a sustancia histórica, que reservaba, ordeada, pra outro traballo.

12. *O escatocolo nos documentos galegos da outa Edade Meia.*

Compremento do estudo diplomático sinalado co número 6.

13. *Corpus de documentos visigóticos galegos.*

14. *Unha casa na Hermida.*

Papeletas etnográficas que conteñen a descripcón completa d'unha casa rural galega, non somentes do edifizio con total as súas partes, divisiós e anexos, senón de todo o

que contén en mobles, trebellos, cacharros, roupas, etc. o qual dá a vida inteira d'unha casa na súa parte material.

15. *Escavaciós arqueolóxicas.*

Feito en colaboración co seu irmán Xaquín, é un traballo metodolóxico, unha utilísima Guía do practicador d'escavaciós históricas, que contén todol-os problemas d'orde práctica que se lle poden presentar:

maneira de dispôr e de realizar as escavaciós; maneira de erguer planos, alzados, etc.; reprodución gráfica do material asoellado; obtención de vaciados; reconstrución e restitución d'oujetos; conservación dos mesmos, etc., etc.

16. *Blasóns d'Ourense, III.*

Remate do catálogo indicado nos números 2 e 4. Contén os das diferentes cirejas, aparte da Catedral, os escudos eclesiásticos que s'atopan nas ruas, e todos os dos arredores da cidade. Co-elo fica completo o catálogo heráldico d'Ourense, no referente aos escudos en pedra.

17. *Etnografía galega da oita Edade Meia.*

Esta que non chegou a publicar, mais da que deu un avance na conferencia radiada en Santiago, a que fixemos refrenza na biografía é ao noso juízo, a obra cume antre as que realizou Xurxo Lourenzo.

Trátase d'unha recostitución total da vida de Galiza n-aquiles séculos escuros que pasaron enantes da grande Era Compostelá, feita cos datos pacientemente recollidos en centos de documentos d'aquél tempo. A etnografía galega aparece alí descrita d'un xeito vivente, coma se se tratara da dos nosos días, co mesmo intrínseco que pode ter unha novela. É unha novela histórica somentes que real e verdadeira, composta de feitos auténticos e documentados, curiosísima, fermosamente espota. Amóstranos que nomes levaban, de que xeito vivían, en que s'ocupaban, coma pensaban e coma sintían os galegos de hai mil anos. E resulta por certo sorprendente que, pol-o menos a vida rural, tirando certos aspectos accidentais, era moi semellante á de hoxe.

Iste libro de Xurxo Lourenzo, aseguramos, sen eisageración de ningunha caste, que non desmerece a carón das milllores reconstrucións históricas de Menéndez Pidal ou de Sánchez Albornoz, e con seguranza que cando se publique halle conquistar unha ilustre sona ben merecida antre os historiadores peninsulares. Lástima qu'il nono poda ver.

Porque n-iste libro non se trata já de traballo preparatorio pra a historia, senón de historia feita e dereita, elaborada, traballada, de toda unha longa época da nosa historia que volve vivir diante de nós.

TRABALLOS EN PREPARACIÓN

18. *Sobre o Castro «Pía da Moura», en Entrimo.*

En colaboración co seu irmán Xaquín. Opinaba o Xurxo que iste castro sobrevivir na época visigoda e que s'atoparían restos n-il.

19. *O Río Límia.*

En colaboración co seu irmán Xaquín.

Veulle a idea de facer iste estudo, cando realizou o traballo universitario en col do *Flumen Oblivionis*, e lendo o do mesmo título de D. Benito Fernández Alonso. É un estudo arqueolóxico e etnográfico en col do val do soado Río do Esquecemento. O estudo tería tres partes:

1.º O mito do *Flumen Oblivionis* ou río do esquecemento, que, asegún il non era un mito indíxena, galego, senón que foi inventado pol-os romanos.

2.º Estudo arqueolóxico da vía romana, dende Ginzo á Portela do Homen, coas an-

tiguidades romanas, lápidas, etc., atopadas no traicuto, e referenzas á prehistoria, indicando a importancia do río Limia coma vieiro comercial, camiño de influenzas estranhas, etc.

3.º Recollida e comentario do folklore actual referente a aquel país.

20. *Santa María a Real de Entrimo.*

En colaboración co seu irmán Xaquín. Arqueoloxía e historia da soada igrexa d'Entrimo.

21. *A casa galega.*

En colaboración co seu irmán Xaquín.

Estudo histórico da evolución da casa galega, dende as casarellas das citanias da Edade do Ferro deica o día de hoxe. O estudo referiríase escrusivamente ao edificio, sen atender ao mobiliar.

Supoño as casas citanienses coma punto de partida da evolución iríase seguindo esta a través da Edade Meia, pol-as referenzas dos documentos, e nos séculos XVI, XVII e XVIII pol-os documentos e pol-os restos que se conserven, rematando coa casa actual. Non se procura co-elo seguir precisamente unha liña evolutiva, senón un sinalamento de feitos.

Traballo tamén da máisima importancia, primeiro da súa caste que s'emprendera na nosa Terra.

22. *O habitat nas citanias.*

Anticipación do traballo anterior, que require moi longa preparación, anque mais comprobante e mais amplo, pois nil atendíase a moblaxe e outros particulares que non habían entrar no estudo da casa.

23. *O habitat no outo Medioevo.*

O mesmo que o das citanias, feito cos documentos.

24. *Catálogo dos Castros da beira esquerda do Limia.*

Asegún o modelo do Seminario de Estudos Galegos.

25. *Catálogo da Prehistoria de Lobeira.*

Refundición de todol-os traballos feitos en col d'aquela terra, en forma de catálogo das súas antiguidades prehistóricas. N-il irían pol-o tanto as mámoas espresadas e publicadas, catro ou cinco necrópoles descubertas e inéditas, as insculturas publicadas, os castros, tamén publicados, e ademais todo o folklore referente a tales moimentos.

26. *Estudos históricos galegos.*

En col d'iste tema, preparaba dúas cousas: unha conferencia e mais un libro e había ser unha das súas obras mais originás.

Efeitivamente, eiqui entraba de cheo en xogo o seu espírito de síntese, pra espór previamente a súa interpretación persoal da historia de Galiza, da qual deducía despois os problemas qu'a nosa historia nos presenta e que nos toca resolver, e a maneira d'estudalos. Era, polo tanto, un traballo metodolóxico, paralelo á técnica das escavacións arqueolóxicas, que sinalamos co número 15; unha exposición dos métodos d'investigación histórica, con especial aplicación ás dificultades e problemas originás que nos presenta o caso de Galiza. Dende logo que a parte mais persoal e dina de ser coñecida, era a súa interpretación en conxunto da nosa historia, na que vía unha teimosa persistenza dos mais arcaicos elementos.

Veleiquei o esquema da grande obra arqueolóxica e histórica que se propuña levar adiante, e que realizou na parte que lle permitiu o breve da súa vida, Xurxo Loureiro Fernández. Obra d'investigador á moderna, dono de todol-os derradeiros adiantos do me-

todo, e das conceicións de conxunto precisas pra calcular a manitude da labor, as resisten-
zas qu'os probremas lle podían presentar, e mais o alcance das forzas e do instrumental con
que matínaba acometelas.

Somentes c'unha grande intelixenza e c'un gran curazón se dá inteiro un mozo coma
il a semellante empresa. Mais il tiña as dúas cousas, e tiña por riba de todo unha incansá-
bele curiosidade centífeca e un amor sen lindeiro pol-a súa patria galega. Por iso fixo tan-
to, e por iso abriu tantos camiños pra os que veñan atrás d'il.

VICENTE RISCO.



NOTAS DO MEU DIÁRIO ARQUEOLÓGICO

O Sr. Xurxo Lourenzo

O Sr. Xurxo Lourenzo é un rapaz de 22 anos, de

nacemento en 1894, en Ourense, e que se encontra

actualmente en Ourense, onde se dedica á profesión

de profesor de matemáticas no Instituto de Ourense.

O Sr. Xurxo Lourenzo é un rapaz de carácter

serio e traballador, e que se dedica á profesión

de profesor de matemáticas no Instituto de Ourense.

O Sr. Xurxo Lourenzo é un rapaz de carácter

serio e traballador, e que se dedica á profesión

de profesor de matemáticas no Instituto de Ourense.

O Sr. Xurxo Lourenzo é un rapaz de carácter

serio e traballador, e que se dedica á profesión

de profesor de matemáticas no Instituto de Ourense.

O Sr. Xurxo Lourenzo é un rapaz de carácter

serio e traballador, e que se dedica á profesión

de profesor de matemáticas no Instituto de Ourense.

O Sr. Xurxo Lourenzo é un rapaz de carácter

serio e traballador, e que se dedica á profesión

de profesor de matemáticas no Instituto de Ourense.

O Sr. Xurxo Lourenzo é un rapaz de carácter

serio e traballador, e que se dedica á profesión

de profesor de matemáticas no Instituto de Ourense.



XOGADOR DE "PORCA". -DESEÑO DE XURXO LOURENZO†

NOTAS DO MEU DIARIO ARQUEOLÓXICO

Por XURXO LOURENZO †

Foi unha neboenta noite compostelán de marzal de 1932. Preguntoiro enriba, Xurxo Lourenzo, Xosé Martínez López e mais eu andábamos a cis-mar en col de novos proieitos pra desenrolar nas nosas orgaizazóns de Ultreya. Propúxenlles un cruceiro con vinte rapaces, pol as rías baixas, a bordo dun pequeno pailebote. Aceitaron encheitos de emozón e dende aquele intre constituíronse nos executores mais afervoados da ideia.

O primeiro de xullo, no *Xaquín Peres*, de trinta toneladas, figuémonos ao mar no porto de Muros, os tres compañeiros, vinte e dous rapaces e os profesores Ramón Martínez e I. Parga Pondal. Navegamos ao sul toda a nosa costa hastra o 15 que rematamos o roteiro en Vigo.

Naquela xeira, que espertou en toda a Terra aprausos unánimes, Xurxo Lourenzo foi o mellor irmán: sempre ledo, sofrido, traballador. Un exemplo no que todos nós reparamos e que todos nós temos de lembrar en recordo inesquecible.


No viaxe —primeira vegada que a bandeira galega ondeou no mastro dun navío, soia en rexo i-ergueito esprito nazonal— figuéronse estudos de petrografía, folklore, economía, etc. Veleiquí, en Xurxo Lourenzo, o diario dun arqueólogo mestre xa na frol dos sus vintecatro anos.

Lêdeo os eruditos co intrés con que se colle unha páxina, en boa parte, de descuberta; lêdeo os amigos co a emozón da diada mais sentida, escrita por aquele que foi o irmán mais adicado e xeneroso; lêdeo os patreotas co-a mesma fonda e rexa fé que ele tiña nos longos destínos do noso pobo. *Ultreya*, ao faguer tamén seu este homenaxe ao ilustre malogrado, agarda, fidel á lembranza benquerida, o intre no que poder levar outra vez a bandeira da Patrea consagrada en xesta liberadora pol-o mesmo roteiro no que a levou Xurxo Lourenzo brillantes os ollos na espranza, inquedo o peito no desexo, tremendo o corazón na cobiza.

ALVARO DAS CASAS.

Non comencei eu ista xeira, dito seña en descárrego da miña concencia, co-a teima de faguer un inventario máis ou menos compreto de todol-os materiaes arqueolóxicos espallados pol-a nosa roita: Eu fun somentes a «ver peisaxe».

Esí, o interés que lle prestei á arqueoloxía, non foi escrusivo: agora, hei de apuntar somentres aquelas cousas que pra mñ foron de novidade e




Punta de Cavió

que coma tal ficaron, anotadas no meu carnet ou croquizadas no meu blok.

Torres Caplane, Astorga, Penas, foron os máis cotiamente interesados por estas cousas: nos seus kodaks han de atopar a saudade das nosas xeiras e descubrimentos.

Casado, o xeólogo, foi o compañeiro dos castros lonxanos e dos picoutos remotos.

MUROS.—1.º de Sant-Iago; a estrada de Corcubión desenrolase de vagar por diante de nós deica perdérese escurecida na mole augusta do



O Monte Louro

Monte Louro, cuia cume, cansa de ver tanta terra e tanto mar, agalfmase por antre borbollóns de núbens e de vento.

Ao seu pé escurécese o mosteiro de franciscáns; cativa cofradía que chantou alí seu niño de pedra: homildosa traza, corte popular, co seu pequeno claustro de pilastras rectangulares e treitos de artesoado aldeán.

Elí deberon locir outros soles: anacos de capiteis e de fustes de sabor románico pérdense, aproveitados ao descuido antre as armaduras dos muros e baixo as lousas dos cruceiros.


Ouservamos unha curiosa fonte, de tipo popular, adicada á Virxe.

O século XVIII barreu das paredes exteriores da pequena eirexa as ornamentacións que o gótico, un gótico típicamente galego pol-o romanizado, debeu de ter esculpido. Vense, en troques, no interior unha soa nave, con cuberta de madeira e ouso rectangular de bóveda apuntada; o arco trunfal, de perfil moldurado, descarga en columnas de capiteis con ornamentación vexetal o da esquerda e hestoriado o da dereita, fustes lisos e basas áticas.

Os franciscáns amostraronnos as suas miudas xoias e reliquias.

Todo é alí tosco, rectangular, forte como a costa que o domina.

O viño de misa, non; abofé.




Eirexa de Muros.—Mocheta da dereita do arco trunfal

Nós quixemos ver a sesiga de D. Diego, o patricio da Nosa Universidade. Elf esbárase; un arco cruza no silencio da cativez. No chán pol-as portas, os propietarios esculpían as insinias do seu oficio: o peixe, as chaves, o anzô, e mil outras sinaes dinas de sere atopadas nas roquedas de un monte.

Ímos cara à Colexiata, mail-os rapaces p'ñense a comer cereixas.

Un velliño dime: En canto que se capa non se asubía.

I-eu tamén me poño a comer cereixas.



Esculturas nas rúas de Muros

engancha às treitoiras por baixo do eixe.

O dono do carro escamouse un pouco dos nosos inquéritos.

S. Pedro de Muros. Eirexa Colexiata. Exemprar típico, catálogo de todol-os estilos da arquitectura.


A traza vella foi románica; reconécese na desfeita porta e no desfeito tímpano. A rosa conservase millor. Os capiteis son foraes; as basas teñen garras e a dereita está hestoriada. Conserva algúns canicelos do tempo.

Á veira fica o barroco, na ancha torre de redondas pracas.

No ousó está o gótico, co-a rachada fiestra de arquivoltas dentadas.

Dentro téñ pilares de duas e tres columnas, con capiteis de fitaria e arcos apuntados. Outros capiteis teñen representacións animaes. Nas basas, áticas, lémbrense as garras.

A cuberta central é de madeira, mail-o ousó i-as capelas lateraes están abovedadas en cruceiría.



Cruz anteixa da Eirexa de Muros

As portas e sepulcros teñen arcos apuntados con arquivoltas dentadas. N-unha das primeiras hai unha inscrición que a premura do tempo impideunos lér.

Hai unha colección de curiosos relicarios, cuia feitura lembra ao Sant-Iago Alfeo Compostelán.

Vel-eiquí unha magnífica eirexa, digna por todos conceptos de un estudo detido e completo.

A nós, hoxe, estanos chamando o mar...



111 da Eirexa de Muros

CORRUBEDO.

—Ímos por Corrubedo. A man do vento desenrola a presa unha maravillosa sucesión de montes e de curutos.

De *teimos* e de *piruchos*, mais ben dito, por ficar na fala do país.

Ao pasar por fronte do Son, á súa man esquerda, diviso unha eirexa que me parez ter ousou románico. O patrón dime que é a de Caamaño. Eu non-o sei.

Hai un esprendido encadeamento de Castros. Figura increíbele

o maxinar tal número en tan pequena extensión de costa.

Primeiramente, domiñando aló no outo, a *Enxa*, que os de Muros chamam o *En*, grande teimo acôtado nas cartas nos 543 ms. de altitude, e que téndous recintos de pequeno diámetro, chamado á *Atalaia*, o superior.

Embaixo, arrodeado pol-as augas, aparece o perfil cortado e penedoso do Castro de Baroña —cuia citania está actualmente en excavación—.

Mais endiante o Castro de Queiruga ou punta do Castro, todo si cultivado.

Eiquí, n-unha destas praias apareceu a famosa lápida de Queiruga, que figurou na exposición compostelán do 1909.

No fondo, por baixo dos dous *teimos*, o *Grande* e o *Branco*, a fantástica punta do *Coto do Castelo de Craba* de extraordinarias formas e con defensas naturais de grande outura.

Despois o *Outeiro do Castro*, acobillando ao pobo de Portal.

Aló o *Monte Taume*; após o *Monte Facho*...

Por toda a costa parecen divisarse anacos da vía román *per loca marítima*.

É unha pena o ir deixando detrás de ún, eisi ao voo, tanta cousa...

A curva da Barbanza pérdese por este lado suavemente no mar, pechando no hourizonte co-a minúscula masa do faro.

Eu saúdo co-as verbas do poeta:

O faro de Corrubedo
co seu ollar largasío
ai amor, púxome medo.

Ademáis a nosa Nao tamén vai leda; tamén leva na proa os nosos corazóns.

* * * *

Os Penedos de Sagres, co-a súa estrana brincadeira, fantástica procesión de brancas bruxas, o frade e mail-a monxa, o paxaro... fainos esquecer por un momento a enormidade das curvas da Barbanza.

RIBEIRA.—Doblamos a Punta Airó. O primeiro que me chama a atención n-esta outra banda da Barbanza, é o Castro do *Monte de S. Alberto*. Enriba tén unha capela. As suas tellas teñen virtude na dirección dos ventos.

* * * *

Ímos ver a Anta de Oleiros, cos seus penedos insculturados. Fanse fotografías.

Ningún rapaz sabía cal era o nome galego dos dolmens. É outra pena.



De regreso de Oleiros rubimos ao *Monte do Castro*, chamado correntemente *A Cidá*. Conserva restos de citania moi abundosos, cinguidos por



forte muralla, cuías dúas portas son aínda recoñecibles, e téñ tres grandes recintos.

Voume pra mensurar, mais lémbrañme que xa Cuevillas e Bouza Brei teñen falado de íl. Recoñecemos as mámoas da súa faldra. Voltamos pra Ribeira levando nos ollos a espuma de istas peisaxes de lenda.



Antefixa no outo do arco tranfal da Elrexa de Muros

ñen o orgulo das vellas de miriñaque, que non é orgulo; é hestoria.

Os penedos de Sagres fixéranos esquecer a Corrubedo: as empanadas mariñáns de Ribeira, fannos agora esquecer de todo.

RIANXO.—Rianxo é o pobo dos Pazos. A arquitectura civil téñ eiquí unha importancia e un desenrolo insospeitados: en cada rúa, en cada calixón, non falla o grande edificio, de blasoadas portas, que asoballa co-a súa mole ás demais casiñas, empequenecidas.

Non vñ ningún que tivese as fiestras abertas: os pazos de Rianxo teñen o orgulo das vellas de miriñaque, que non é orgulo; é hestoria.

A eirexa aparece dina dos edificios que a arrodean. Gótica de transición, cos seus arcos apuntados con arquivoltas de bolas e co-as súas portas de arco todos con decoración floral.



Illa da Rúa


No ouso téñ unha cruceirra sinxela e unha única nave dividida en catro treitos.

Rianxo téñ pra nós grandes saudades: Ela era a terra de Manuel Antonio.

E sobre todo é a terra do noso Castelao.

CAMBADOS.—Hoxe é día 9; tantos son os que levamos en roita: Dende a cume do Monte da Pastora divísase todo o noso percorrido.

Fariña asegura que iste monte non téñ folclore; mais as características



O Paxaro

O Frade e mail-a Monxa

disposicións non deixan lugar a dúbidas encol da súa autenticidade como Castro. Eu quíxeno mensurar mais o Fariña prometéu facelo fl dispacio. Ímos ver si cumpre a súa verba.

Na faldra do monte están as ruínas inqedantes, anguriosas, da Eirexa de Santa María, Sepulcros que perderon as lëndas, altares cheos de hortigas, hornacinas refuxio dos lagartos, portas que abren ao infinito, arcos que sosteñen ár...

É unha pena... É a terceira pena do meu diario...



Portonovo, Cruceiro no Campo de San Roque

AROUSA.—Tiña ganas de chegar a Arousa, movido pol-as recentes novas da descuberta de un cemeterio.

Fumos aló: foinos doado dar co-il guiados pol-as indicacións de uns rapaces que andaban co gando.

A descuberta fíxoa un mozo que ergueu unha das grandes e irregulares lousas que cementaban o chán, atopando unha grande figura emburullada n-un suario branco dentro do buraco. O mozo colleu moito medo i-a pantasma desapareceu con grande bruido.

Hoxe están abertas a maoría das sepulturas e xa un pouco esnaquizadas: semellan feitas de lousas de variable forma e grandor, que lle fan tomar aspeito sensibelmente antroipoide. Recollín uns cantos anacos de tellón, de tipo barbarizante, con veiras reviradas e sinais dixitais no dorso. Paréceme unha cousa bastante avanzada.

Dinnos que no faro gárdanse restos de esqueletes atopados alí. A premura do tempo non nos permite rematar as nosas ouservacións.

No regreso camiñamos á veira de un carro co-as rodas pintadas de bermello. O xugo tiña adornado con

cruces e salomóns. Os carreiros repetíronnos a hestoria da descuberta do cemeterio.

O GROVE.—Istes pobos sementados de auguistas son de unha parvice incomensurable: no Grove deixáanse sentir as proisimidaes da Toxa.

Casado i eu marchamos carreteira enriba i aparelamos c-un cativo que fa c-unha botella de viño na man. Falamos: O monte aquí outo que se divisa aló enriba, chámase o Monte da Vila. Nós apreciamos o contorno de dous recintos prolongados de L. a W. Dínos o rapaz que alí viven os mouros e que teñen enterrado un tesouro moi grande misturado con barras de veneno. Pol-o visto apareceron alí olas de barro cheas de terra.

O noso rapaz opina, non embargantes, que no Monte da Vila non hai ouro nin rén, i en troques que onde se atopa aos couces é no Monte da Siradela, que está nas terras veciñas á praia da Lanzada. Elí atópanse os puñaes de ouro espetados no chán. A causa de ista abundancia é que n-il estiveron os mouros moito tempo. Mais istes mouros, i esto coidámolo interesante detalle, non fican sin localizar no tempo, senón que o rapaz dínos, esplicitamente, que chegaron ao Monte da Siradela «cando os homes viñeron por primeira vez a Hispania».

Fique o dato adicado ao mestre Risco e aos seus mouros encantados i encantadores.

* * * *

Na Toxa son os auguistas o único material ouzervabele.

A nós deronnos pasta pra os dentes. Ao Casas xabón.


PORTONOVO.—O pobo está edificado nas faldras de un coto, rematado por unha grande chaira nomeada «Campo de S. Roque», que fica a 41 ms. do nivel do mar, e que téñ enriba unha pequena hermidia c-un cruceiro. Todos facemos deseños. Castelaio meteunos no corpo a cubiza dos cruceiros.

A mín o monte parece un vello castro, xa sin restos de fortificación visíbeles.

As casas que fican na ladeira N. forman o barrio da «Coba»; as do W. son as da «Atalaia».

Fumos beber a unha fonte que hai por baixo do barrio da Atalaia: el unha vella escamona díxonos que perdíamos o tempo en buscar ouro, porque

o que había, que estaba n-unha grande mina, levarono xa uns vellos fai moitos anos. Nós, buscadores de ouro fracasados, tornamos cara o noso veleiro co rabo antre pernas.



Castro Libureiro

BUEU.—Xa dende o mar divisamos, no perfil do Morrazo, un grande picacho; o patrón púxolle o nome: é o monte Libureiro. Mais

á esquerda, perto do mar fica o Castro de Ardán, parexa de Castros de moi análogo perfil.

Os rapaces xa comencan a se bulrar de isto dos Castros; en canto que se divisa ún no hourizonte, a voz corre de un en outro con grande barullo: ¡Outro Castro, outro Castro!...

Casado i eu fúmonos tomar un taco a unha tasca do porto con ánimo de tirar conversa. O taberneiro non é de Bueu sinón de Loira, e non sabe ben de istas cousas: fl coñeceas somentes por conversas de un seu vecino, o tío Diego, de Loira, que é un vello moi enteirado.

Non embargantes, e pouco a pouco, foinos contando como no coto de Ardán hai un castelo que é obra dos mouros, e como tamén perto de fl, á veira do mar, eisiste un grande e tenebroso burato, o «Santo do Mar», que comunica por un tunel con outro grande burato que hai por riba do Castro.

* * * *

Un día soubose pol-o libro de San Cipriano, que no Castelo de Ardán había un tesouro i entón cinco vellos fóronse ao Monte en pos de fl.

Mais de repente safulles o Demo con todo o seu aparello de tronos, terremotos e brúdos: os vellos pintaron no chán un circo Salomón e meteronse dentro: o Demo entón, preguntoulles o que buscaban e iles responderon que

querían diñeiro: Íde por él ás arcas reaes —respostou o Demo— porque pra que eu vol-o dea, é preciso que me traiades unha persoa en troques.


Marcharon os vellos e teimaron por levar ao parvo do lugar mais iste engañounos e non foi. Ao fin conseguiron bulrar ao Demo c-un gato, e apa receulles traguendo un carro cheo de diñeiro. Mais un dos vellos, ao ver tanto carto xunto, non pudo conterse i escramou: ¡Alabado sea Dios, xa somos ricos!, e o Demo desapareceu con carro e todo.

* * * *

Os rapaces orgaizan un partido de fútbol; namentras, nol-os dous marchamos pol-a carreteira de Cangas a Beluso, camiño do Monte Libureiro.

Denantes de sair do pobo dixeronnos unhas vellas, que no Libureiro hai uns mouros que teñen enterrada unha mina de ouro e outra de veneno.

Pol-o visto istes mesmos mouros foron os que fixeron a Eirexa de Valado, habendo moita xente que os ten visto ir a ela a «tomar posesión». Por



Castelo de Ardán

máis que fixemos, as vellas non poideron espricarnos o significado da súa frase.

Mais endiante topamos c-unhas mozas que viñan cantando pol-a carreteira i-aconsellaronnos que non rubisemos ao Monte porque elf hai uns buratos en que viven enanos que comen á xente e que fan moito mal: nós, non embargantes, emprendimos valentemente a ascensión.

Ao monte chamanlle uns «Monte Curuto», outros «Castro Libureiro», o certo é que n-un moxón que hai n-il, perto ainda da carreteira, leese *Coto de Aldao*, e que iste é o nome da parroquia a que pertence.

As mensuras do Castro son enormes, mail-o curuto, formado pol-o recinto superior, sô mide 12 metros no vento N. S.

O altímetro marcou 331 metros.

Os horizontes son a meirande maravilla que se pode imaxinar: eu coñezo os sitios estratéxicos, renomeados pol-as suas peixaxes e non coido que haia n-estas costas lugar igoalable. Dende íl contemplase toda a nosa roita.


No N. a costa escurecese dibuxando as masas do monte Louro e do Miñazo, rematando no Fisterre que mete a testa na i-auga como un enorme



Illá da Creba

cetáceo. Dende elí, esténdese por todol-os ventos do W. o confuso remate de un inmenso horizonte atlántico que dilata a súa curva deica se perdere nos Montes do Cereixo e nos penedos do Silleiro. De N. a S. pol-os ventos do Leste, sucedense escalonadas as bocas das catro grandes rías, separadas por tres enormes penínsuas, a derradeira das coaes, ocupa o noso estratéxico mirador. Sálvora, Ons, as Cíes, dibuxanse nítidamente encol do chán relumeante do mar.

Dende o SL. e deica o N. rube un infindo encadeamento de picachos e montañas. Pol-o fondo da ría de Vigo, cheganse a contar 15 términos do horizonte, pechado n-unha remotísima lontanía pol-as serras do Ceixo e do Suido.




Illá do Crego (Ons).

de caprichosas formas. Toda a superficie está chea de pedras miudas e parecen recoñecerse restos de vivenda.

A cume tén sido escavada, con moi mal acerto, e dicennos que o escavador atopou moedas románs. Nos cortes que se conservan da escavación, pódense recoñecer, encol de un piso de pedra natural, outro de pedra e terra de factura artificial. Enriba tén un chán de terra no cal se recoñecen restos de cerámica lisa ou con decoración sinxela, de tipo castrexo. Na súa parte superior hai un terceiro chán formado por tellóns de seición roxo claro, de arcilla, con inclusións de areas de cuarzo, de tipo bárbaro ou moi romaniza-

* * * *

O Castro tén varios recintos, todos con terrapléns amurallados en bó estado de conservación. Nas faldas conserva unha chea de tapadas, de aparello ruín, e



Castelo dos Mouros (Ons)


do, que presenta ás vegadas un lixeiro reborde nos extremos. Todos istos cortes fican cubertos por unha capa de terra vexetal de 20 cms. de espesor.

Escurece e aos nosos pés brilan xa as luminarias de Vigo. En Bueu agárdanos un baile e baixamos a presa.

ONS.—En Ons hai dous Castros: a nós deronnos noticias de mámoas e de camiños cubertos, mais non poidemos comprobalos.

En troques vimos a «Illa do Crego», que é un penedo apartado uns 50 metros da costa, que téñ esculpido no seu curuto un sepulcro antropoide de 1'80 ms. de lonxitude, rematado por unha cruz de pedra, mais moderna, chantada na parte correspondente á testa. Non lle acadei folclore ningún.

Somentes poidemos, debido á premura do tempo, visitar un dos Castros: iste foi o *Castelo dos mouros*, situado ao SL. da Illa e do cal se fixeron planos mensurados. O que eiquí vai é o de Torres Caplane. Téñ un sô recinto



Fortificación da Illa de Ons

de superficie sumamente inclinada, é un antecastro, cujas vertentes deféndeno naturalmente pol-o L. e N. No S. e W. fica separado do monte por un profundo foso.

Ao parecer non téñ máis folclore que o que se deduce do seu nome.

Rascando no chán tiramos un grande anaco de tellón, de tipo moi romanizado é análogo aos outros fragmentos atopados na costa.

* * * *

O outro Castro chámase o *Coto da Coba do Lobo*, téndo tradición de vivendas, e sendo cicais o máis interesante da illa.

Eu sô poiden anotar os seus perfis, xa dende o mar.

Eiquí rematan as notas do meu diario arqueolóxico. Ben sei que non tén rén de comprobante, e moi pouco de interesante; ben sei tamén que a miña atención polarizouse escesivamente, esquecendo outros motivos de percura e adicándome máis ás cousas da arqueoloxía e folclore castrexo. Mais repito eiquí o que denantes dixen: non foi a miña intención fundamental outra que a de un mero espectador, e moitas veces, os Castros, as Eirexas, os vellos informadores, fuxían da miña atención pra se fundir na totalidade de un panorama. Velehí a razón das miñas notas sin rematar.

E si hai alguén a quen isto lle non pareza nin centífico nin siquiera práctico, respostareille co dito do vello de Muros:

«Namentras que se capa non se asubía».



M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO.

Hoxe, no Klementinum secularizado, están a biblioteca universitaria, o museu astronómico e outras cousas de carate centífeco.

Por fronte do Klementinum, da outra banda da Krizounicka ulice, está o mosteiro dos Kreuzherren (Krizovniku) hoxe anovado, que dá á praza do mesmo nome (Krizova namíestí) e n-ela érguese a fermosa torre gótica que dá entrada á ponte chamada Karluva most. Da outra banda do río, no cabo da ponte, outra torre gótica. Isto ten un manifesto aspecto medieval. Hai alí embaixo un embalse do río e un edificio que dá por riba do embalse. Todo elo fermoso.

Volvin pol-a Karlova e víñen apresada por varias ruas, pra coller un carro elétrico na Václavská namíestí.

OS IDIOMAS

Perguntei a un garda que liña tiña que coller pra ir ao meu hotel, na Polská. Perguntoume:

—Polská, Vinohrady?

Respondín que si. Indicoume que collera o 3 en Na Prikopíe e que me deixaría na Safarikova. Prenunciou *Safarrrxikova*... Ben, somentes ouvíndoo se pode desprender. Os checos falan moito mais craro qu'os alemáns, o mesmo o alemán qu'o checo. No checo, o que mais se nota ao ouvílo falar son os erres, dos que teñen unha chea d'íles: mudos, sonoros, vocáls, com'en sanskritó, etc., etc., ou ao menos souan d'íse geito, e a sílaba *na* que se repite moito.

O garda era un vellote pequenó, solemne e atento, moreno, con sobrecellas peludas. Levaba un uniforme e un casco com'os de todos lados. Falaba, naturalmente, alemán, como case todol-os de Praga. A mín, quitando dous casos, onde falei alemán, alemán me responderon. Compre dicir isto, porque Wenceslau Fernández Flórez armou unha historia no A B C co-isto dos idiomas en

Chekoslovakia. Falou d'un señor a quen lle pasaron unha chea de entrequenencias por non querer falar alemán. A miña esperencia dime o contrario, e debo polo eiquí. D'aquella, o gran Wenceslau—que non debiera ser así, levando o nome do Santo Padrón d'esta terra—sintouse redactor d' A B C.

Collín o 3 en Na Prikopíe, mais en lugar de me baixar onde debiera, na parada enantes da Safarikova, fun á seguinte, ond'o carro se mete por debaixo d'unha casa, e fundar a un jardín, e logo tiven que rubir un imenso escadouro pra chegar á Polská, e cheguei canso á porta do hotel, no instante en que surtía de me precurar o Prof. Jungbauer.

WÜRST

Collimos outro carro, e fumos deica a esquina de Na Prikopíe, onde baixamos, e por debaixo da Torre da Pólvora, metímonos pol-a Celetná e Jungbauer levoume a unha tenda de morcillas (Würst) especialidade de Praga.

Unha longa tenda coberta toda, paredes e mostrador, d'azulexo branco, cristal e metal dourado, limpa c'unha limpeza nidia de sanatorio. Había alí vendendo lindas rapazas checas, novas, coloradas e ledas, con vestido negro, cofia e cabelo branco, e rapaces parolando co-elas.

Jungbauer pideu dúas racións e déronnos a cada un un prato con dúas morciliñas que quentaron no instante meténdoas n-un caldeiro d'auga quente. Acompáñanas con mostaza ou c'unhas ralladuras que chaman *crem*. Déronnos a cada un dúas cortadas de pan centeo. Fano todo cos dedos.

Collimos cada un seu prato, e fúmonos sentar pra comelas a unha mesa d'estas de dous pisos, sen mantel, que hai na Europa Central. Cómense tamén cos dedos; cóllense, úntanse na mostaza ou na *crem*, e vanse cortando anaquiños cos dentes. As morcillas

saben pouco mais menos com'as de Castela, anque son mais finas. A *crem* ten un sabucho doce, sen chiste. A mostaza ben se sabe. Non se pide, nen sirven nada pra beber. Eiquí vense sementes comer as morcillas, e despois vaise beber a outro lado.

De que defuntamos os nosos pratos, fúmonos.

DEUTSCHES HAUS

O Prof. Jungbauer levoume logo á Deutsches Haus, en Na Prikopie. Un gran restaurant, rente á rua, cheo de señores e señoras comendo e bebendo. Pol-o meo, había tres mesasuntas ond'había uns cantos señores. O Prof. Jungbauer presentoume: estaban un senador, un deputado, o Director do Banco onde me levara á mañá, o Prof. W. da Universidade, un fabricante, antigo alumno de Jungbauer, outro rapaz amigo seu, etc.

O Director do Banco é un pándigo. D'uns cincuenta anos, cabelo branco, elegante, garimoso, ledo e con moito chiste. Empricipiou de broma comigo, preguntándome pol-as miñas aventuras amorosas en Praga. Asegura qu'eiquí as mulleres todas déixanse querer. O Prof. Jungbauer, co-a sua *bonhomie*, atalla:

—Home, todas. .!

O Director asegura:

—Todas, todas!

Jungbauer ri e dime:

—Ben sabe Vde. que din que hai dúas cousas boas na vida: o viage e o amor. Pois pra iste, sementes hai o amor (*nur Liebe*.)

O Director foi soldado na gran guerra e foi gravemente ferido, estivo a piques de morrer, ou de ficar impedido; despois sandou e adicase a levar vida pracenteira.

O Prof. W. é latinista e historiador; calvo, c'unha croa de cabelo escuro vizoso, con anteollos de metal, moreno, tipo de sabio alemán d'outro tempo. Il, o Director e mais Jungbauer son do mesmo pobo, perto da nascente do Moldau. Pergúntame cousas de Hespaña e Portugal, especialmente verbas, e despois il ponse a buscarlle a derivanza latina; adiantolle eu algunhas derivanzas, discutimos, indicolle as fontes. Tefio que fa-

cerlle un mapa lingüístico da Península.

Logo pergúntame que vin en Praga. A cada moimento qu'indico, il di:

—Ah, si; ergueuno un arquitecto alemán, Fulán de Tal, en tal tempo.

Ou:

—Foi construída pol-o imperador tal, ou pol-o duque cual, alemán.

Pideme os deseños e apuntes que fixen; amostro un da *Tyrská ulicka*, que ten iste nome posto en checo, atal e coma eu o vin no sitio; il saca a estilo, e corrige debaixo: *Teingasse*.

O Prof. W. asegura que Praga é unha cibdade alemáa, que todo que hai n-ela fixérono os alemás. Deseña un mapa de Bohemia e sinala n-il a zona alemáa, que case dá volta a tres lados do cadro.

Isto todo namentras bebemos e fumamos sen parar. O Prof. Jungbauer púxome en antecedentes en col da cervexa d'eiquí, que non é com'a de Berlín: é a Pilsen, a millor do mundo, moito mais forte. Mais iles beben e beben. De cando en cando érguese un pra ir ao escusado, e volve beber mais. Logo, o Director empéñase en qu'eu hei probar de todo: cervexa de varias castes, viño de Tokay, outras cousas que non lembro. Por fin, propón que vaimos a un cabaret ali perto, na Na Nutsku. Algús señores já se foron, e d'aquela erguémonos e aló imos.

CABARET

Un salonciño pequeno, coberto de coloris, cheo d'unha múseca estrondosa e barulleira. Mulleres pintadas e teatrás. Precuramos unha mesa, e o Director pide unha sopa especial da casa. Logo lémbrese de que hai ali unha hespañola, e faina chamar. Veu unha madrileña pequeniña, mais ben mal feita, c'unha cara nen fea nen guapa. Séntase e pide viño. Traénnolo a nós tamén. A sopa estaba boa; o viño tamén. Despois, érguense todos a beilar, e d'aquela, eu non podo quedar sentado. Nunca o fixen ben, e ademais agora estou tan desentrenado d'os tempos do Liceo e do Club d'Ourense, que non sei que figura vou facer. Miro pra os outros e vexo que non todos campan, que tamén os hai que sachan. Que diaño, non saber beilar non é pecado mortal, alá imos.

Collín a madrileña miuda e beilamos tres cousas. Parecelle qu'estaba eu tristeiro, díxenlle que crar'está, en comparanza co-aquela gente tan divertida. Ela díxome que non, que esta gente non lle gusta, aborrécese en Praga, eiquí non hai cousa boa. Enantes ela estaba en Berlín, alí si que s'atopaba ben, coma que non pensa mais qu'en volver aló, máis non pode.

Por fin marchamos. Despedímonos dos outros, e marchamos o Prof. Jungbauer e mais eu pol-a Vaclavatská namiesti, a aque-

la soila e sen gente. D'aquela decateime de que levaba unha miguíña de chispa. Já non ten un a resistencia estomacal e cerebral d'outro tempo, e entroques istes condanados d'alemás consérvana toda a vida. Fixen un esforzo e seguí moi ben co Prof. Jungbauer deica á sua casa, e encamiñei-me tranquilamente ao Hotel Ametyst, adicando unha lembranza aos amigos d'Ourense dos tempos de pándiga, cand'estas cousas remataban nos divás do Club.

(Continuarase).

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

NOTAS ENCOL DO ANTROIDO EN LOBEIRA

Antre as lembranzas que o noso campo conserva do tempo vello, hai algunhas de un gran valor por conservar mais nidio o carácter primitivo, gardando algo de fondo que lles deu orixe.

Destacan pol-o seu intrínseco, certas prácticas e costumes referentes ao Antroido, nas que se vé claramente «como foron» e «qué foron».

Referímonos ás máscaras que cos nomes de cigarrós, zamarrós, murrieiros, choqueiros, charrúes, etc., se coñecen en varias rexións da Galiza e de fora de ela. Na revista NÓS (1) publicou Vicente Risco un estudo encol dos cigarrós de Laza, asunto que recentemente voltiou a utilizar Bouza Brey (2), recollendo o de Risco e outros autores (Cabal, Uría, P. Morán, etc) e engadíndolle notas e suxerencias suas.

Hai así publicadas unha serie de papeletas que recollen e localizan estas máscaras, espalladas pol-a Galiza adiante. Mais o material aínda dista de estar recollido todo: hai n-outros sitios máscaras semellantes e n-outros, o recordo de elas, coma ocorre en Vigo, Redondela, Lobeira, etc. De estas derradeiras imos falar hoxe.

De elas dixerónme cousas os velliños de Lobeira, que aínda as recordan dos seus bós tempos e cuí os disfraces os cobriron máis de unha vez.

Hoxe xa non-as hai. Perdéronse, aínda non hai moito, como se van perdendo outras costumes e tradicións; de moitas xa non quedará lembranza. As que aínda se recordan, deben ser recollidas pras engadir á nosa rica etnografía.

As máscaras a que nos referímonos, non teñen nome ningún especial ou, pol-o menos, non se conserva hoxe, anque esto pareznos un pouco estrano tratándose de unha cousa desaparecida fai tan pouco tempo.

Pol-os datos que temos, debían ser casi lgoales aos cigarrós de Laza. Levaban faixa, ían en camisa e as pernas envoltas en flecos de bolras. Arredor da cintura, por baixo da faixa, ía un cordel ou unha correia da que se dependuraban uns grandes chocallos de ferro a culo compás brincaban e corrían. A cara cubríana c-unha careta de madeira pintada, semellante ás que usan os cigarrós. Na testa levaban un chapeu de forma arbitraria, mais cuia forma se aproximaba á cónica.

Por mais que o procuramos, non conseguimos ollar ningunha careta; fai tempo que se non fan e xa non se conserva ningunha das vellas.

De total as prendas de iste disfraz, sómentes se conserva o chapeo, anque perdeu o seu carácter i é indistintamente usado con calquer disfraz.

Adoitaban levar na man un vergallo feito de lenzo, mallando co-il a cantos atopaban no seu camiño, sen distinguir idade nin crás.

Andaban sempre aos brincos, correndo e choutando, animados pol-o són das chocas que lle colgaban da cintura.

Gozaban de certa inmunidade e non era lícito repelel-as violentamente, senón fuxindo.

Anque estas máscaras saían de todol-os pobos de esta rexión, estaban especialmente localizadas na banda leste do Viso, antre iste monte e o río Limia.

* * *

Tamén conservada somentes na lembranza dos vellos é a costume de celebrar carreiras de cabalos durante o Antroido, anque non fai moito tempo que as había.

Estas carreiras de cabalos precisaban un terreo en certas condicións, pois dado o accidentado do terreo, non era posible telas máis que en certos sitios. Unha das *pistas* que en Lobeira se utilizaban era o anaco de camiño comprendido antre Facós e Grou, camiño que unía Bande con Entrimo, denantes de se faguer a actual estrada.

O día da carreira xuntábanse en Facós, cos seus cabalos, os que desexaban tomar parte na Carreira. Adoitaban vir mozos dos arredores, de Santa Baia, de San Xés, das Quintas, de Montenegro, etc.

Chegada a hora, montaban nos cabalos e puñanse todos xuntos. A unha sinal, comenzaban a correr pol-o camiño adiante, cara Grou. O que chegaba primeiro a iste pobo, gañaba a carreira.

Seguramente, houbo un tempo en que se

concedía un premio ao que chegaba denantes, mais xa ninguén se lembra de isto. Nos derradeiros tempos non había premio ningún.

Como o camiño era estreito e os corredores moitos, non era raro que ocurrisen accidentes e disputas que se dilucidaban moitas veces a paus.

As veces, tropezaba algún cabalo e, ben por culpa do animal, ben por impericia do xinete, caía iste ao chan e os demais, ao pasar, pisábano cos seus cabalos, chegando a orixinar serios accidentes.

Tanto estas carreiras de cabalos coma as máscaras de que denantes falamos, son privativas do Antroido. Isto non obstante, coidamos que a súa orixe é distinta.

Todol-os que trataron das máscaras semellantes ás de Lobeira, están conformes en asinar unha orixe prehistórica. Tamén as de Lobeira deben ter n-ela a súa nacemento, mais non así as carreiras de cabalos, que deberon aparecer posteriormente.

Cecais, e pra nós é seguro, serán unha supervivencia de aquiles xogos de que nos faía Strabon (3) e aos que quizais alude Silio Itálico (4).

Non coñecemos na Galiza outra costume semellante e ten ao noso xuício un gran interés como dato pra reconstrución das nosas antigas costumes.

XAQUIN LORENZO FERNANDEZ.

(1) Núm. 35 Novembro 1926.

(2) *Homenagem a Martins Sarmiento*, Guimarães, 1928, pax. 73.

(3) III, 2, 7.

(4) *Punica*. Libro XVI.

Pedir MONDARIZ

é pedir PEINADOR :-: FONTES
DE GÂNDARA e TRONCOSO

ACEPTAR IMITACIÓNS É PERXUDICAL-A

SUA SAUDE E PERDEL-O SEU DIÑEIRO

MONDARIZ

PEINADOR

GÂNDARA e TRONCOSO

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo

Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convelle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequiera as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO